



## RESUMO FIN DE CURSO ESO 2024

**Venres 21 de xuño de 2024:** fin da actividade lectiva.

As clases finalizarán ás 14:10, é o último día no que o alumnado disporá de transporte escolar.

**Martes 25 de xuño de 2024:** publicación das notas en Abalar

As notas poden ser consultadas dende as 20:00 horas en abalarMóbil. Recordamos que as decisións adoptadas pola xunta de avaliación con respecto á promoción ou a titulación, aparecerán nos boletíns físicos que se entregarán o mércores 26 de xuño (na aplicación non aparecen estas decisións).

**Mércores 26 de xuño de 2024:** entrega presencial de notas e consellos orientadores.

O alumnado poderá recoller na súa aula os boletíns de notas e os consellos orientadores (só alumnado de 2º e 4º curso) segundo o seguinte horario:

HORA	GRUPO
09:00	1º ESO A-B-C
09:30	1º ESO D- E-F
10:00	2º ESO A-B
10:30	2º ESO C- D- E
11:15	3º ESO A – B – C – D - E
12:15	4º ESO A – B – C – D

### Revisión de notas:

O alumnado, as súas persoas proxenitoras ou a persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas sobre as cualificacións o mércores 26 de xuño entre as 9:30 e as 13:00 horas.

### CALENDARIO DE RECLAMACIÓNS:

No suposto de que, tralas oportunas aclaracións, exista desacordo coa cualificación final ou coa decisión de promoción ou titulación, poderase solicitar por escrito a revisión de dita cualificación ou decisión, **RECLAMACIÓNS:** ata as 13:00 horas do xoves 27 de xuño de 2024.

**ENTREGA DE RESOLUCIÓN:** 28 de xuño de 2024 ás 13:00 horas.

Contra a resolución do centro pódese solicitar por escrito que a dirección remita o expediente de reclamación á Xefatura Territorial. O prazo para esa solicitude é de 48 horas contadas dende a data de entrega da resolución.